

# ASÍ NOS VEN. ASÍ SOMOS?

A IMAXE DA MULLER NA ARTE



Do 21 de decembro de 2015  
ao 26 de xuño de 2016

Pinacoteca  
Fernández del Riego

CONCELLO  
DE VIGO





---

Elsa Pérez Vicente

*Simbiosis II*, 1985. Debuxo/papel. 35 x 25 cm. Colección museo municipal de Vigo «Quiñones de León».

---

# ASÍ NOS VEN. ASÍ SOMOS?

Un dos principais obxectivos deste proxecto é a posta en valor dos fondos da colección de arte galega do Museo de Castrelos —en particular— e do Concello de Vigo —en xeral—, recuperando para a actualidade a artistas extraordinarias das que había tempo non oíamos falar, é o caso de Elsa Pérez Vicente, Ana Legido, María Victoria de la Fuente, Legísima ou María Antonia Dans entre outras.

Co propósito de afastarnos das típicas colectivas de artistas mulleres nas que se mostra de maneira indiscriminada un conxunto heterodoxo de obras, optamos por complementar o proxecto con fondos foráneos procedentes de coleccións públicas —Colección Fotográfica do Concello de Vigo e Fundación Museo Liste—, privadas —Colección Afundación, Galería Trinta, Galería Marisa Marimón e Galería Guillermo de Osma—, de particulares e dos propios artistas.

Partindo da construción da imaxe da muller no ámbito artístico, articulamos un proxecto poliédrico que nos permita reflexionar sobre determinadas circunstancias: a existencia dunha maneira feminina de ver o mundo, os arquetipos femininos tradicionais, a construción dunha mirada masculina poñendo en cuestión a dualidade masculino/feminino, a muller estereotipada ao subverter as prácticas tradicionais femininas asociadas ao decorativo e o doméstico.

Outro elemento importante para entender a xénese do proxecto, máis aló da variedade de disciplinas artísticas que o configuran (pintura, escultura, debuxo, intervención, fotografía, artesanía) é a vontade consciente de facer dialogar a artistas consolidados con artistas emerxentes, un risco moi interesante que todo comisario debería asumir. Considero que esta é unha das funcións primordiais da práctica curatorial: avanzar, no sentido de cambiar a mentalidade do espectador axudándolle a ver con diferentes ollos obras e artistas.

E así é como me gustaría que fose entendido este proxecto: como unha exposición de diferentes obras e artistas que dialogan entre si buscando a complicidade dun público para que perciba a arte, non como obxectos illados, senón como producións capaces de inserirse en discursos heterodoxos sobre a cultura.

SUSANA CENDÁN  
Comisaria da exposición

# ASÍ NOS VEN. ASÍ SOMOS?

A I M A X E D A M U L L E R N A A R T E

---

JOSÉ MARÍA ACUÑA, RAFAEL ALONSO, AZIZ, CUCHER, ARTURO BALTAR, NURIA BERMÚDEZ, PEREIRA BORRAJO, BUCIÑOS, RAMÓN CAAMAÑO, JULIENNE CISEAUX, COIA, COLMEIRO, ELENA COLMEIRO, IDOIA CUESTA, ANTOINE D'AGATA, MARÍA ANTONIA DANS, MARÍA VICTORIA DE LA FUENTE, DANA DÍAZ, ISAAC DÍAZ PARDO, XOSÉ EIROA, ANTÓN FAILDE, TAMARA FEIJOO, ALMUDENA FERNÁNDEZ, CARL FRÖSCHL, ROBERTO G. DEL BLANCO, JULIAN GERMAIN, AMANDA HARMAN, REBECA LAR, LAXEIRO, ANA LEGIDO, XURXO LOBATO, LODEIRO, MARTA LORENZO, LUISA, CRISTINO MALLO, MARUJA MALLO, CARLOS MASIDE, CHELO MATESANZ, SANDRA NOGUEIRA, SUE PACKER, AGUSTÍN PÉREZ BELLAS, IGNACIO PÉREZ JOFRE, ELSA PÉREZ VICENTE, PESQUEIRA, XOAN PIÑEIRO, MARY QUINTERO, MAR RAMÓN SORIANO, MERCEDES RUIBAL, ARTURO SOUTO, J. A. SUÁREZ LLANOS, TORRES, NATALIA UMPIÉRREZ, L. VALCÁRCEL, MANUEL VILARIÑO, RAQUEL XALLAS.

---

**Pinacoteca Francisco Fernández del Riego**

Rúa Abeleira Menéndez 8, Vigo

Do 21 de decembro de 2015

ao 26 de xuño de 2016

**De martes a venres (laborais):** de 18.00 a 21.00 h

**Sábados:** de 12.00 a 14.00 e de 18.00 a 21.00 h

**Domingos e festivos:** de 12.00 a 14.00 h

